

Antonio Reigosa

A procura da flor na auga

manuel vidal villaverde

Lugo e alta primavera, Praza da Soedade. Aquí falo con Antonio Reigosa mentres o tempo esvara doce no espello gris do Miño.

-“A flor da auga” en colaboración con Xosé Miranda é o teu máis recente libro?

-Si, é o máis recente e fresco, e dá continuidade á colección sobre lendas de Galicia iniciada con outro título compartido con Xosé Miranda: “Arrepíos e outros medos”. Pretendemos achegar o lendario tradicional ao máximo número posible de lectores e nese empeño virán outros títulos grazas á boa disposición de Edicións Xerais para publicalos.

-Tes obra en solitario?

-En marzo deste ano Editorial Tambre publicoume “A noite dos pesadelos”, unha novela para lectores a partir de 10 anos na que pretendín recrear os medos soñados ou vividos por un rapaz de doce anos nunha noite case eterna, chea de pantasmas, porque o que lle agarda ao día seguinte, a pesar de ser algo natural e inocente, aínda lle provoca máis pavorío.

-Narrador, ensaísta, poeta, historiador, etnógrafo, antropólogo...como te definirías ti, Antonio?

-Eu procuro non definirme, actúo movido por moitas circunstancias segundo o tempo, o lugar, a compañía. Teño participado en traballos de campo que resultaron unha experiencia magnífica cos compañeiros de Equipo Chaira, temos investigado, e lido, e debatido moito, con Xosé Miranda e Xoán R. Cuba, para elaborar o “Diccionario dos seres míticos”. Tamén me gustan os traballos de creación, máis solitarios. E sobre todo, procuro a difusión destas pantanías de noso por calquera medio, como agora ando enfañado en poñer a andar a web Galicia Encantada (www.galiciaencantada.com).



O escritor Antonio Reigosa.


-De todas as cousas que procurastes, cal foi a que chamou máis a túa atención, a túa curiosidade, Antonio?

-Eu creo que aprendemos moito coa xente, escoitando, preguntando. Se ao principio nos parecía ter coñecementos sobre o que pretendíamos, logo nos decatamos do noso erro, da nosa inmensa igno-

rancia. Creo que é básico saber tratar coa xente, que che note que compartes con eles a mesma cultura, que gozas con cousas parecidas, non como fan algúns, que andan a apañar restoballos dun mundo morto. O máis importante foi irme recoñecendo parte dunha cultura moi importante grazas aos meus conveciños.

-En que libro traballas agora?

-Agora mesmo agardo a inmediata publicación dun libro para rapaces titulado “A escola de Briador”, na editorial Everest, cunhas ilustracións preciosas de Noemí López. Conta unha historia de trasnos, coas lirotas e as súas especializacións para facer dano aos humanos.



“Don Xoán”

En Sotelo Blanco Edicións, 133 páxinas, de Peter Handke (Grieffen, Austria, 1942); tradución de Luís Fernández Rodríguez. “Don Xoán (contado por si mesmo”, título orixinal: “Don Juan (erzählt von ihm selbst)”. Nos anos 60 Peter Handke, ao pouco de empezar a escribir converteuse nun neno prodixio da literatura alemá. Varias son as súas exitosas novelas: “O medo do porteiro ante o penalti” (1967); “Carta breve para un longo adeus” (1971); “Lento retorno” (1978) e outros importantes títulos da narrativa europea. É, ademais, guionista cinematográfico, director e autor teatral.

A figura de don Xoán aparece un día de maio nun albergue dos arredores de París. O dono do albergue, bo cociñeiro, prestará oídos ás últimas aventuras (só ás que se refiren á última semana) vividas polo famoso personaxe literario. Non estamos, porén, diante dun Don Xoán que conquista ao asalto e humilla as mulleres. Este don Xoán, a diferenza do tradicional, nin seduce nin é seducido. As mulleres vén na súa presenza unha oportunidade para liberar o seu desexo, e o don Xoánponse ao seu servizo.

A narración destas aventuras non entra en detalles (e menos se son escabrosos) e tampouco contabiliza as mulleres como se obxectos foran. Ao igual que nas demais obras de Peter Handke, a descrición especialmente de paisaxes, aparece en primeiro plano.

tinta fresca

“O cidadán do mes”, Diego Ameixeiras

En Xerais, 209 páxinas. Diego Ameixeiras entrega agora “O cidadán do mes”, ameno relatorio protagonizado polo detective Oración Dopico. O punto de partida desta novela é o encontro entre o detective e Sonia Bouzas, unha escultural e voluptuosa muller que busca o seu marido, un vixilante nocturno desaparecido misteriosamente. O caso non ofrece demasiadas complicacións e o detective acepta o traballo, mais Dopico aínda non sabe que deberá moverse con precaución nunha intriga onde a dobre moral e a corrupción non son patrimonio dos políticos.



“Brooklyn Follies”, Paul Auster

En Galaxia, 328 páxinas; tradución de Eva Almazán. Nathan Glass ten sesenta anos, está divorciado e padece cancro de pulmón; anda á procura dun sitio tranquilo para morrer e alguén lle recomenda Brooklyn. Alí volve atopar o que xa daba por perdido: a emoción da amizade, a paixón do amor e a capacidade de reinventarse a si mesmo. Nunha novela chea de sorpresas, Paul Auster (New Jersey, 1947) conxuga brillantez, humor e axilidade narrativa para explorar as encrucilladas da vida, os puntos de inflexión nos que aínda é posible recuperar a liberdade.



“Tres vidas”, Gertrude Stein

En Galaxia, 226 páxinas. Tres vidas, tres cadros: Anna Boa, Melanthe e a Doce Lena. Tradución ao galego: María do Cebreiro. “Tres vidas” son ante todo a descuberta dunha linguaxe, dun ritmo que tende a se converter no argumento mesmo do relato, límite espiritual dunha máxica e inmóbil realidade cotiá. Así describe o escritor Cesare Pavese, o seu tradutor e editor en Italia, a obra de Gertrude Stein (Allegheny, 1874-Neully, 1946). A escritora norteamericana é una das grandes innovadoras da narrativa do s. XX e persursora da literatura escrita por mulleres.

